

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025566	IES Ferrol Vello	Ferrol	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación Dixital	3º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

## 1. Introducción

Programación da materia de Educación Dixital de 3º de ESO do IES Ferrol Vello

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos dixitais, identificando os elementos que os compoñen e a súa función no conxunto, configurando as súas características en función das necesidades persoais e mediante diferentes medios dixitais para poder organizar a información dun xeito eficaz.				2			3	
OBX2 - Organizar, deseñar e producir información dixital de forma individual e colectiva utilizando as ferramentas máis adecuadas para a súa publicación e difusión facendo un uso responsable e ético das tecnoloxías aplicadas.	3	2-3	4	1-2-3	3-4	1-2-3-4	3	4
OBX3 - Desenvolver algoritmos e aplicacións informáticas en distintas contornas, aplicando os principios do pensamento computacional para crear solucións a problemas concretos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa.				5	5			
OBX4 - Xestionar e protexer a pegada dixital aplicando medidas preventivas para identificar e reaccionar ante riscos e ameazas ao benestar persoal, facendo un uso responsable e ético da información e a comunicación dixital.	2	3	5	3-4	1-2-5	2-3	1	

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Ordenadores. Hardware e software. Licenzas de uso. Protección da privacidade. Procesador de texto. Follas de cálculo. Presentacións	Ordenadores. Hardware e software. Procesador de texto. Follas de cálculo. Presentacións	34	35	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Desino imaxes vectoriais. Fotografía dixital. Tratamento de imaxes.	Tratamento de imaxes. Imaxes vectoriais	33	35		X	
3	Elaboración e edición de vídeo. Grabación e edición de son- Fundamentos de programación	Elaboración e edición de vídeo. Grabación e edición de son	33	35			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Ordenadores. Hardware e software. Licenzas de uso. Protección da privacidade. Procesador de texto. Follas de cálculo. Presentacións	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.	Coñecer elementos do ordenador e a súa función	PE	40
CA1.3 - Organizar a información de maneira segura, utilizando diferentes medios dixitais para a procura rápida e eficaz na súa xestión.	Organizar en documentos, follas de cálculo para xestionar e organizar información		
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.	Elaborar e expoñer una selección de información usando ferramentas dixitais		
CA4.1 - Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet, configurando as condicións de privacidade das redes sociais e en espazos virtuais de traballo.	DAR importancia e saber como protexer os datos e a privacidade en internet	TI	60
CA1.2 - Manter sistemas operativos, configurando as súas características en función das súas necesidades persoais.	Coñecer os principais sistemas operativos e as principais configuracións		
CA4.2 - Xestionar contrasinais nos distintos servizos e dispositivos dixitais de uso habitual.	Coñecer como xestionar as contrasinais		
CA4.3 - Identificar e saber reaccionar ante situacións que representan unha ameaza na rede escollendo a mellor solución entre diversas opcións e valorando o benestar persoal e colectivo.	Coñecer as principais ameazas na rede e como solucionar os problemas que provocan		
CA4.4 - Valorar a importancia da protección dos dereitos de autoría, utilizando aplicacións, datos e creacións dixitais de terceiros de xeito ético, respectando as licenzas de utilización.	Coñecer as distintas licenzas de uso e respectar o seu uso		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Arquitectura de computadores: elementos, montaxe e configuración.</li> <li>- Sistemas operativos: configuración de usuario e operacións básicas de organización.</li> <li>- Almacenamento da información: operacións básicas de organización e copias de seguridade.</li> <li>- Formatos de arquivos. Formatos abertos. Estándares de formato na produción de información dixital.</li> <li>- Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetación, aplicación de estilos e formatos. Índices interactivos. Importación de imaxes e gráficos.</li> <li>- Operacións básicas en follas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sinxelos.</li> <li>- Seguridade de dispositivos. Xestión de contrasinais.</li> <li>- Recursos para a protección da información e datos persoais, da identidade e dos contidos dixitais. Configuración en espazos virtuais de traballo.</li> <li>- Seguridade na saúde física e mental: aplicacións ou medidas que deben adoptarse fronte aos riscos e ameazas ao benestar persoal. Opcións de resposta. Situacións de violencia e de risco na Rede.</li> <li>- Uso de recursos e contidos de dominio público ou con licenzas que permitan o seu uso.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Desino imaxes vectoriais. Fotografía dixital.Tratamento de imaxes.	35

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Interactuar en plataformas dixitais, compartindo e publicando información e datos, cunha actitude participativa.	Coñecer como interaccionar nas distintas plataformas dixitais, podendo facer publicacións con datos e información	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tratamento básico da imaxe dixital.</li> <li>- Presentacións en distintas plataformas dixitais, integrando elementos multimedia.</li> <li>- Colaboración en rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Elaboración e edición de vídeo. Grabación e edición de son- Fundamentos de programación	35

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Comprender o fundamento básico dos algoritmos e diagramas de fluxo utilizando contornas de programación gráfica.	Coñecer os fundamentos básicos da programación	PE	40
CA3.2 - Desenvolver aplicacións sinxelas para computadores, dispositivos ou móbiles, dando solución a problemas definidos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Coñecer as ferramentas para crear programas ou aplicacións sinxelas	TI	60

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilización de estruturas básicas de programación.</li> <li>- Uso de datos. Constantes e variables.</li> <li>- Desenvolvemento de aplicacións sinxelas para computadores e/ou dispositivos móbiles mediante contornas de programación gráfica.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Realizarase unha metodoloxía activa, práctica e constructivista, que desenvolva no alumno a capacidade de aprender e que estea baseada nos principios dinámicos da aprendizaxe.

Para elo, é de gran importancia ter en conta que a aprendizaxe adquirida polo alumno só será duradeira e mellor aproveitada se se constrúe a partir dos coñecementos previos que posúe.

Unha avaliación inicial ao comezo do curso e a discusión aberta e ordenada sobre cuestións relacionadas con cada tema de estudo pode ser útil para que os alumnos/as expliciten os coñecementos previos que posúen.

Ao longo do curso a estratexia de actuación nas aulas será, en liñas xerais:

- Empezar por unha pequena exposición, por parte do profesor, dos contidos a traballar e orientacións sobre as actividades que se van realizar. Procurarase que a exposición sexa aberta de forma que os alumnos participen aportando as ideas que posúan sobre o tema a tratar.
- Realizar actividades de maneira individual (ou en pequenos grupos, se se pode) nas que se podan poñer de manifesto os coñecementos previos do alumnado e/ou sirvan de repaso de coñecementos nos que se van apoiar os novos. Posta en común.
- Proposta de novas actividades para aprofundar no tema e nova posta en común.
- Observación das dificultades do alumnado cando estes realicen actividades na clase, neses momentos pode aproveitarse para estar en contacto directo con eles e poder dar unha dedicación persoal aos problemas e dificultades que lles poidan xurdir.
- Sempre que se poda faranse simulacións e actividades de páxinas web para a mellor comprensión dos temas, así como elaboraranse e poñeranse en común traballos relacionados coas unidades a estudar, ás veces efectuados sobre o exposto en diversas páxinas web ou blogs relacionados coa materia e que tamén poden ser publicadas.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

<b>Denominación</b>
Ordenadores E-Dixgal do alumnado
Software do equipamento

Ordenador proporcionado pola administración aos alumnado, co software aportado

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Se realizará unha avaliación inicial para comprobar as competencias adquiridas en cursos anteriores.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	33	33	100
Proba escrita	40	0	40	27
Táboa de indicadores	60	100	60	73

#### Criterios de cualificación:

Na cualificación global nun trimestre teranse en conta os seguintes elementos:

- A cualificación obtida nas distintas probas de avaliación que se realicen
- A realización de actividades , incluídas as establecidas como cuestionarios, que poderán incluír actividades de ampliación ou reforzo, servirán para valorar a participación no desenvolvemento das clases, o esforzo e traballo na clase e na casa, así como a actitude do alumno na aula.

A obtención da cualificación da avaliación realizarase de acordo co establecido no seguinte esquema:

40% cualificación nas táboas de indicadores nas probas escritas ou no ordenador

60% cualificación nas táboas de indicadores onde se valoren os cuestionarios, traballos e exposicións

Na cualificación estará incluída, á súa vez, a consecución das diferentes competencias.

- Non presentarse a un exame inxustificadamente é motivo de suspenso no bloque avaliado. Sen embargo, no caso de non poder asistir por un motivo xustificado, o profesor poderá establecer outra data para facelo, ou determinar unha cualificación en función dos datos que ten do alumno ata ese momento.

#### Criterios de recuperación:

Recuperacións ao longo do curso:

En cada trimestre, todos aqueles alumnos que non teñan aprobada a avaliación poderán realizar un exame de recuperación da materia correspondente a ese trimestre.

Cualificación final da avaliación ordinaria:

Ao final das tres avaliacións farase unha media aritmética das cualificacións correspondentes, tendo en conta as recuperacións. Se o resultado non é igual ou superior ao 5 ou algunha das avaliacións foi suspendida e non recuperada, o alumnado que o requira poderá realizar un exame final de recuperación da/s avaliación/s que estean suspensas. Se non se aproban todas as avaliacións suspensas, o alumno suspenderá la materia.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Se a materia queda pendente para o curso que ven, o alumnado afectado terá que realizar unhas actividades que recollen os contidos mínimos do curso antes da data límite establecida no centro e que se comunicara con antelación

### 6. Medidas de atención á diversidade

As principais medidas a destacar son:

**A Programación de Aula:** Cada profesor adapta a programación didáctica segundo as necesidades de cada grupo de alumnos en particular, establecendo secuencias de contidos, deseñando actividades con diferentes niveis de dificultade, modificando e adaptando o desenvolvemento das unidades, se é preciso, co fin de respectar o ritmo de aprendizaxe, realizando actividades de reforzo e ampliación,...

**Reforzo Educativo:** Proporcionaranse actividades e exercicios de reforzo a aqueles alumnos que non acaden unha avaliación positiva nos trimestres, resolvendo todas as dúbidas e dificultades que lles poidan ir xurdindo, cun maior seguimento do seu traballo, esforzo e evolución ao longo do curso, ...

**Adaptacións Curriculares Individualizadas:** Sempre que sexa preciso, elaboraranse coa axuda do departamento de orientación propostas curriculares específicas para alumnos con necesidades educativas especiais, modificando os obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

**Programas específicos personalizados:** O alumnado repetidor de 3º e 4º de ESO seguirá un programa específico personalizado, orientado á superación das dificultades comunicadas polo seu profesor titor do curso anterior no informe de avaliación final e considerando a información obtida no proceso de avaliación inicial. Deste modo, no caso dos alumnos que presenten necesidades na materia de Física e Química, se lles entregarán actividades de aprendizaxe para realizar periodicamente e que serán recollidas e corrixiadas polo profesor. Estas actividades permitirán reforzar os seus coñecementos e, coa resolución das dúbidas que lles poidan xurdir, superar as dificultades que presentaban inicialmente.

O seguimento de cada alumno na realización das tarefas será comunicado polo profesor da materia ao profesor titor para que poida facilitarlle esta información ás familias.

**Alumnado procedente do estranxeiro:** O alumnado procedente do estranxeiro que se atope nunha situación de desfase curricular deberá seguir un programa específico personalizado para conseguir o progreso na súa competencia curricular. Este programa elaboraranse en función das necesidades de cada alumno.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Educación para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.	X	X	X
ET.2 - Educación moral e cívica	X	X	X
ET.3 - Educación para a saúde e educación ambiental	X	X	X
ET.4 - Educación do consumidor	X	X	X

#### Observacións:



Romper coa imaxe tradicional do científico-home, facendo ver que foron os condicionamentos sociais os que impediron á muller acadar o mesmo nivel. Buscar referencias a mulleres científicas dentro da historia. Comentar que, en moitos casos, as súas contribucións foron menosprezadas polos seus colegas masculinos. Aportar datos do papel actual da muller na investigación e exemplos de casos relevantes.

O traballo en equipo, a colaboración, o respecto ao material e ás normas de convivencia dentro da aula son valores esenciais para o traballo científico. Trátase de proxectar estes valores á vida fora da aula, cos amigos, as familias e na sociedade en xeral.

Farase fincapé na reflexión sobre a inxusta distribución dos recursos naturais, a contaminación dos mesmos, debido ao desenvolvemento da industria química valorando, tamén, os grandes beneficios que a industria química leva proporcionado.

A reflexión sobre este tema faise ao redor da reflexión sobre a interrelación Ciencia- Tecnoloxía-Sociedade, tratando criticamente as necesidades creadas de consumo de produtos tecnolóxicos. Darase atención especial á `necesidade de coche (quizá a maior aspiración dos adolescentes) e as implicacións medioambientais da sociedade baseada nel. Afianzarse no alumnado o concepto de aforro enerxético en relación co uso dos distintos aparellos eléctricos.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación en conferencias ou exposicións que xurdan ao longo do curso.	Conferencias presenciais ou a distancia	X	X	X
Realización dalgunha excursión que resulte interesante para a materia. Normalmente levamos a cabo estas excursións en común co Dpto. de Tecnoloxía	Excursións interesantes	X	X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Índice de aprobados nos distintos cuestionarios que se farán ao longo do curso (varios por cada tema), nos exames e nos informes de prácticas e exposicións
Metodoloxía empregada
Os resultados dos cuestionarios de valoración da práctica docente e do proceso de ensino que se pasarán aos alumnos ao final de curso (se se pode, tamén cada avaliación), valorando tanto a práctica docente como os procedementos de ensino para cada un dos temas que se traballaron nese curso (trimestre).

### Descrición:

Os resultados desta avaliación se farán constar na acta do departamento de final de curso

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Un dos aspectos máis importantes no proceso de avaliación é o seu carácter corrector das desviacións que se poden producir ao longo do proceso de ensino. Así pois, é necesario que un dos obxectos de avaliación sexa a propia actividade, a súa planificación, o seu desenvolvemento e os resultados obtidos.

Os indicadores que se utilizarán contemplarán:

- A adecuación da actividade aos obxectivos marcados ao principio.

- O propio desenvolvemento do proceso:

\*Actuación do profesor/a nas distintas fases do proceso.

\*Manexo dos materiais.

\*Actividades desenvolvidas.

\*Organización do traballo na clase.

\*Relacións humanas e de convivencia.

- Modificacións e melloras da actividade.

Ademais, ao comezar cada avaliación levarase a cabo, en reunión de departamento, unha análise exhaustiva dos resultados da avaliación anterior, desglosado por cursos e materias, mediante a confección da oportuna estatística por parte do xefe de departamento.

O obxectivo final é que a avaliación sexa parte integrante da actividade cotiá da aula como mecanismo de reaxuste, tanto do aprendizaxe do alumno como do propio proceso de ensino.

Tambén se pretende que o alumnado participe en esta avaliación, preguntandolles oralmente ou mediante enquisas os contidos máis complicados, os mais doados, o que mais lles gustou e desgustou da materia, a súa opinión da práctica docente

## 9. Outros apartados